



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
correo@concellodabana.gal  
www.concellodabana.gal

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.

Jose Antonio Pereira Gil, alcalde do concello da Baña, á data da sinatura dixital, en presenza do secretario de dito Concello, emito o seguinte Decreto:

### ASUNTO: NOVAS INSCRICIÓNS NO CAMPAMENTO MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN DE VERÁN PARA MENORES DE IDADE DO CONCELLO DA BAÑA 2024.

**Expte. TEDEC: 2024/D008/000001 (Campamento de verán 2024) .**

**Expte. TEDEC: 2024/G003/000519 (Decreto).**

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento a que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Visto o artigo 25.2, nos seus apartados l) e m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, mediante os que os municipios exercerán en todo caso competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas materias de ocupación do tempo libre e promoción da cultura.

Visto que o campamento de verán do Concello da Baña é un servizo que ten a función de ofrecerlles ás crianzas un espazo onde participar de actividades de carácter lúdico, social e educativo, ao mesmo tempo que facilitar e promover a vida laboral e familiar dos seus proxenitores e/ou titores legais.

Visto o réxime de publicación dos actos administrativos de carácter xeral ou que teñan por destinatarios a unha pluralidade indeterminada de persoas recollido no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vistas as bases que rexerán a convocatoria de prazas e funcionamento do campamento de verán municipal para menores de idade do concello da Baña 2024.

Visto que en ditas bases se especifica que o campamento de verán ofertará 70 prazas para os nenos e nenas que cumpran os requisitos de admisión. Este servizo desenvolverase por quendas. A primeira quenda do 24 ao 28 de xuño; a segunda, do 1 ao 12 de xullo; a terceira, do 15 ao 26 de xullo; a cuarta, do 29 de xullo ao 9 de agosto; a quinta, do 12 ao 23 de agosto; e a sexta, do 26 de agosto ao 6 de setembro. Quedan excluídos os sábados e domingos, así coma os días do calendario laboral marcados como festivos locais, autonómicos e estatais, que non se prestarán os servizos.

Visto que na base 6 se sinala que, transcorrido o prazo de presentación de solicitudes e unha vez publicada a listaxe de admitidos/as definitiva, continuasen quedando prazas sen cubrir, calquera persoa interesada que cumpra co requisito relativo á idade de participación e presente a documentación requirida nas presentes bases, poderá solicitar a participación nas actividades de campamento. Neste caso, a admisión realizarase atendendo á orde de presentación de solicitudes ata cubrir o número total de prazas ofertadas. Consideraranse admitidos/as todos/as os/as que cumpran o requisito da idade, acheguen a documentación necesaria e aboén as taxas.

Visto que as persoas admitidas que figuran na seguinte relación presentaron solicitude de inscrición, cambios de quendas ou renuncias:



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
correo@concellodabana.gal  
www.concellodabana.gal

NOME	DNI	REXISTRO DE ENTRADA	SITUACIÓN
C.A.B.	***4948**	202400000000952	Solicita nova quenda do 29 de xullo ao 9 de agosto
M.S.P.	***8649**	202499900000650	Solicita novas quendas do 29 de xullo ao 9 de agosto; do 12 ao 23 de agosto e do 26 de agosto ao 6 de setembro
F.S.G.	---	202400000000944	Solicita quendas do 29 de xullo ao 9 de agosto; do 12 ao 23 de agosto e do 26 de agosto ao 6 de setembro
A.R.L.	***8554**	202400000000949	Solicita quenda do 29 de xullo ao 9 de agosto

Importe do pagamento de prezos públicos con base na ordenanza:

CENSADOS		NON CENSADOS	
	Quincena		Quincena
1º fillo	40,00 €	1º fillo	60,00 €
2º fillo	32,00 €	2º fillo	45,00 €
3º fillo	20,00 €	3º fillo	30,00 €

Excepcionalmente, naqueles casos nos que a unidade familiar, empadroada no concello da Baña na data da publicación da convocatoria, non conte cuns ingresos iguais ou superiores a dúas veces o IPREM (600,00) o departamento responsable emitirá un informe mediante o cal prezo público asumido pola persoa usuaria será o seguinte:

	Quincena
1º fillo	20,00 €
2º fillo	16,00 €
3º fillo	10,00 €

Este pagamento realizarase nun dos números de contas seguintes das que é titular o Concello da Baña:

- ES92 2080 0326 1731 1000 0035 (ABANCA)
- ES26 0238 8191 8806 6000 1061 (SANTANDER)

Visto que na base 7 se determina que as cotas dos prezos públicos serán aplicadas de acordo co determinado na correspondente ordenanza fiscal do ano 2012. Os/As usuarios/as realizarán o pagamento do servizo unha vez publicada a listaxe de admitidos/as definitiva, ou no caso de matriculacións extemporáneas, unha vez confirmada a súa inscrición; nun prazo de 5 días hábiles. A falta de pago implicará a perda da praza e do dereito ao desfrute do servizo, correndo a lista de agarda á seguinte persoa que figura nela. As persoas usuarias farán chegar o xustificante de pago dos prezos públicos ao departamento de Xuventude, Cultura e Deportes a través do formulario de achega de documentación, anexando dito xustificante. O formulario de achega de documentación pode descargarse no seguinte enlace:

[https://sede.concellodabana.gal/sxc/gl/procedimientosytramites/tramites/AportacionDocumentacion\\_N](https://sede.concellodabana.gal/sxc/gl/procedimientosytramites/tramites/AportacionDocumentacion_N)

Indicarase no campo "Código de expediente" o seguinte: 2024/D008/000001.

Indicarase no campo "Descrición do expediente ou proceso" o seguinte: Campamento de verán 2024 e as datas de inicio e final do período de desfrute do servizo.

Indicarase no campo "Observacións" o nome/s da/s persoa/s usuaria/s (nenos e/ou nenas inscritas no campamento de verán).

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e en aplicación do art.10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público. Resolvo:



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
correo@concellodabana.gal  
www.concellodabana.gal

**Primeiro:** Aprobar, revisada a documentación presentada, a publicación da listaxe de novas inscricións ou novas quendas, coa correspondente cota de pagamento, na Sede Electrónica e na páxina web municipal:

NOME	DNI	QUENDAS			SITUACIÓN DEFINITIVA	PAGO	TOTAL UNIDADE FAMILIAR
		29 XULLO-9 AGOSTO	12-23 AGOSTO	26 AGOSTO-6 SETEMBRO			
C.A.B.	***4948**	X			Admitida	40 €	40 €
M.S.P.	***8649**	X	X	X	Admitido	120 €	120 €
F.S.G.	---	X	X	X	Admitido	120 €	120 €
A.R.L.	***8554**	X			Admitido	60€	60€

**Segundo:** Establecer un prazo de pago de 5 días hábiles a contar dende a publicación do presente decreto na sede electrónica municipal. A falta de pago implicará a perda da praza e do ó desfrute do servizo, correndo a lista de agarda á seguinte persoa que figura nela. As persoas usuarias farán chegar o xustificante de pago dos prezos públicos ao departamento de Xuventude, Cultura e Deportes a través do formulario de achega de documentación, anexando dito xustificante. O formulario de achega de documentación pode descargarse no seguinte enlace: [https://sede.concellodabana.gal/sxc/gl/procedimientosytramites/tramites/AportacionDocumentacion\\_N](https://sede.concellodabana.gal/sxc/gl/procedimientosytramites/tramites/AportacionDocumentacion_N)

- Indicarase no campo “Código de expediente” o seguinte: 2024/D008/000001.
- Indicarase no campo “Descrición do expediente ou proceso” o seguinte: Campamento de verán 2024 e as datas de inicio e final do período de desfrute do servizo.
- Indicarase no campo “Observacións” o nome/s da/s persoa/s usuaria/s (nenos e/ou nenas inscritas no campamento de verán).

**Terceiro:** Acordar que admitidas as novas inscricións, quedan prazas libres nas quendas do 12 ao 23 de agosto e do 26 de agosto ao 6 de setembro, as familias que o desexen poderán solicitar prazas segundo o sistema establecido nas bases reguladoras cunha antelación mínima de 7 días naturais previos ao inicio de cada quenda.

	12-23 AGOSTO	26 AGOSTO-6 SETEMBRO
<b>Total prazas ocupadas</b>	39	30
<b>Total prazas libres</b>	31	40

**Cuarto:** Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais responsables da súa tramitación, así como a notificación aos terceiros interesados no expediente.

Mándao e asíno o señor Alcalde, e ordena darlle traslado ao departamento correspondente para a súa incorporación ao expediente do que eu Secretaria - Interventora, Olga Dourado González, dou fe.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.**